

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E  
XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E ALIAD-ULTREIA PARA  
O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E  
SENSIBILIZACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE MULLERES  
INMIGRANTES RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

**REUNIDOS**



Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, a entidade ALIAD ULTREIA (CIF G27021120), representada por D. Manuel Varela Veiga (NIF 33801257C), que actúa en nome e representación da entidade, en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

**Segundo.**

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos



na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

### Terceiro

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

E no seu artigo 7.2 dispón que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

### Cuarto

Que a proporción de mulleres estranxeiras en España vítimas de violencia de xénero, ao igual que a proporción de agresores estranxeiros supón unha sobre-representación respecto ao peso demográfico de mulleres e varóns estranxeiros en España.

### Quinto

Que entre as causas que axudan a analizar a orixe desta situación atópanse por un lado as referencias sobre a desigualdade entre homes e mulleres máis manifestas nalgúns dos lugares de procedencia dunha parte da poboación estranxeira, o que motiva que o recurso á violencia se revista de lexitimidade e normalidade para os agresores, e tamén para as vítimas, e por outro, as especiais circunstancias nas que se atopan en moitas ocasións as mulleres estranxeiras, o que orixina unha inseguridade e dificultade superior á das mulleres españolas á hora de romper coa espiral de violencia.

### Sexto

Que a entidade Aliad-Ultreia está inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-178, e forma parte da **Rede Galega contra a Trata**.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes.

### Sétimo

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención e sensibilización dirixida a mulleres inmigrantes, vítimas de violencia de xénero, a través de entidades que contan con profesionais con formación e experiencia específica nesta materia, como é o caso das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, entre as que se atopa Aliad-Ultreia.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a entidade Aliad-Ultreia, para o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención que contribúan á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante.

### SEGUNDA.-COMPROMISOS DAS PARTES.

a) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización sobre violencia de xénero dirixido a mulleres inmigrantes preciso á entidade Aliad-Ultreia, así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta das actuacións de prevención e sensibilización con este colectivo



b) A entidade Aliad-Ultreia comprométese a desenvolver accións específicas de información, sensibilización e prevención da violencia de xénero dirixidas a mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero.

### **TERCEIRA .- ORZAMENTO**

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á Aliad-Ultreia cantidade máxima de tres mil euros (3.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A entidade Aliad-Ultreia destinará as achegas feitas pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a sufragar os gastos correntes derivados das accións desenvolvidas no marco deste convenio.

De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

### **CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- b) Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- c) Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa





presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

d) Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

e) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

**A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 15 de decembro de 2018, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 17 de decembro de 2018.** Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

#### QUINTA. OBRIGAS

No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a entidade Aliad-Ultreia, adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

d) A comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

e) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

#### **SEXTA.- COMPATIBILIDADE**

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### **SÉTIMA.- VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante o anterior, serán subvencionables ao abeiro do mesmo coas achegas feitas pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as accións englobadas no presente convenio que a entidade Aliad-Ultreia realizase dende o 1 de xaneiro do ano 2018 ata a data límite para a presentación da xustificación.

#### **OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### **NOVENA.- MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

#### DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e





Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

## **DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMIENTO E CONTROL.**

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:



- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Por Aliad-Ultreia, a súa representante/e ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA

P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)

A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella

O REPRESENTANTE DE ALIAD-ULTREIA



Manuel Varela Veiga